

<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	ARES
<b>Edificio</b>	Igrexa de Santa Baia de Lubre
<b>Dirección</b>	Rúa Vista Alegre, 27. 15624
	43.432859 -8.252022
<b>Protección</b>	BIC
<b>Descrición</b>	Edificación de finais do século XV ou principios do XVI, consta dunha soa nave con cuberta de madeira sobre arcavans e ábsida cadrada cuberta con bóveda estrelada de cinco claves cuio empuxe é contrarrestado no exterior por uns contrafortes nos ángulos. No muro norte da ábsida está apegada a sancristía. A nave está dividida en tres partes por arcos de medio punto con sateiras nos muros que dan unha luz feble ó interior. Arco triunfal oxival que divide a nave da ábsida. Posúe unha solaina ou cobertoiro fronte a fachada románica. Portada principal de arco semicircular adornado con finos toros e sobre o ingreso, un óculo con boceis. A torre campanario de aspecto arcaico está situado no muro sur da nave, consta de dous tramos. No último consta, de catro arcos de medio punto onde van penduradas as dúas campás, a maior de 1824 fundida por Joaquín del Cagigal e a menor de 1912 fundida por Moisés Díez en Palencia.
<b>Campás</b>	2 campás.
<b>Fotos</b>	3
<b>Toques actuais de campás</b>	
<b>Conservación, mantemento</b>	
<b>Propostas</b>	
<b>Autores da documentación</b>	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA
<b>Data</b>	01-11-2022

## Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Torre-campanario	<u>Menor.</u>	<u>DÍEZ SANTAMARÍA, MOISÉS</u>	1912	55	96
Torre-campanario	<u>Maior.</u>	<u>CAGIGAL PEREDO, JOAQUÍN DE</u>	1824	60	125

Información completa: [Igrexa de Santa Baia de Lubre - ARES \(GALICIA\)](#)

